



ÓSCAR VÁZQUEZ

Os alumnos están encantados co premio: unha viaxe de catro días a Cantabria con visita a Cabárceno

Premio ao mellor blog para o CEE Juan María

Prensa-Escuela selección o caderno dixital deste centro de Nigrán como o mellor deste curso

Comezaron no curso 2007-2008 gañando o concurso Experiencias Didácticas co Xornal e xa quedaron enganchados. O xornal converteuse desde entón nun elemento esencial para o traballo no centro de educación especial Juan María de Nigrán. Hai tres anos descubriron o potencial das TIC, abriron un blog ao abeiro de Prensa-Escuela, os profes se formaron nos cursos que ofrece o programa e hoxe son os gañadores do premio ao Mellor Blog, por unanimidade do xurado.

Este resumo en catro liñas non fai xustiza ao amplo proxecto que desenvolven neste centro no cal se engloba o blog premiado. Dentro de *Infórmate fácil* hai multitude de actividades cun obxectivo: facer da información unha ferramenta para a integración social dos alumnos e promover a lectura fácil para todos os colectivos con necesidades especiais.

No proxecto participan os máis de 110

alumnos dos tres centros Juan María (o educativo, o de día e o ocupacional). No blog levan a dianteira os 33 alumnos do centro de educación, con idades entre os 3 e os 21 anos. Cada un na medida das súas posibilidades e coa implicación das súas familias busca información, publica e comenta na bitácora *Un blog para todos*. Por diante, os seis profesionais que coordinan e traballan en equipo para facer realidade un proxecto enorme, complexo e modélico.

O xurado destaca que o blog acadou plenamente os seus obxectivos: «as 464 entradas realizadas e os 559 comentarios dan fe da súa grande actividade tanto interna como externa. Ademais, as máis de 22.000 visitas avalan que o traballo trascendeu as paredes da aula». ¡Noraboa aos profes e alumnos do CEE Juan María!

> Maica Simón Gómez

maica.simon@lavoz.es